*v. 09.03.2022*

*Proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, contempla, no seu artigo 3 como obxectivos do sistema galego de servizos sociais garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia así como prever a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección.

O Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, establece que lle corresponde á dita consellería, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no dito ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais.

Nos últimos anos está xurdindo en distintos países europeos un modo de vida en comunidade para fomentar o apoio mutuo entre persoas que deciden vivir xuntas. No eido das persoas maiores este tipo de comunidades dotadas de servizos asistenciais estanse a desenvolver como unha alternativa ao modelo residencial tradicional de persoas maiores.

Esta alternativa de convivencia con cabida no ámbito dos servizos sociais pode materializarse a través de aloxamentos compartidos, dotados de servizos para a promoción dunha vida social activa e colaborativa, que contribuirán ao benestar das persoas maiores paliando situacións de illamento social que sofre grande parte deste colectivo.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia os servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia están relacionados no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

De conformidade coa Disposición Transitoria Terceira do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, ata a entrada en vigor da regulación dos requisitos materiais, funcionais ou de persoal precisos para a autorización dos servizos, que se dite no desenvolvemento deste decreto, será de aplicación a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

A referida Orde do 18 de abril de 1996 ten como finalidade de garantir a adecuación das instalacións, as condicións arquitectónicas, materiais, de equipo e distribución de espazos.

Na actualidade e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia están a xurdir diferentes iniciativas aos actuais modelos de recursos residenciais, concretamente os proxectos de aloxamentos compartidos destinados ás persoas maiores que requiran de servizos de promoción da

autonomía persoal e atención á dependencia, polo que cómpre definir e regular as condicións materiais, arquitectónicas e de persoal nos que se vai a desenvolver este novo recurso.

Constitúe unha obriga dos poderes públicos facilitar os medios necesarios para que as persoas dispoñan das condicións máis adecuadas e dos apoios precisos para desenvolver os seus proxectos vitais, dentro da unidade de convivencia que desexen.

Por todo isto, a necesidade de regular esta nova tipoloxía determina abordar a modificación da Orde do 18 de abril de 1996 que establece as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, incorporando o novo recurso residencial para a prestación dos servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia establecidos no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, dos que se doten estes aloxamentos compartidos como un tipo de recurso de atención a persoas maiores que apostan por unha convivencia en común, cos coidados e apoios necesarios que as situacións sobrevidas o requiran.

De acordo co que establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a tramitación desta disposición axústase ao cumprimento dos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Durante a súa tramitación desuse audiencia e información ás entidades que puideran resultar afectadas por ela. Así mesma, solicitáronse os informes preceptivos en cumprimento do disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia,

RESOLVO:

**Artigo único**. *Modificación da Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores*

A Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, queda modificada como segue:

Un. O número 2 do artigo 2 queda redactado como segue:

"2. Son centros de atención os seguintes:

a) Residencias.

b) Fogares residenciais.

c) Vivendas comunitarias.

d) Apartamentos tutelados.

e) Centros de día.

f) Fogares e clubs.

g) Aloxamentos compartidos."

**Dous.** Engádese un número 8 no Anexo I sobre requisitos específicos dos centros de atención ás persoas maiores, que queda redactado como segue:

"8. Aloxamentos compartidos.

Os aloxamentos compartidos configúranse como unha modalidade de centro social de carácter residencial que integra espazos de uso privativo e zonas comunitarias coa finalidade de desenvolver unha convivencia entre as persoas que deciden vivir xuntas nun mesmo lugar aos efectos de promoción da súa autonomía e a atención ante situacións de dependencia.

A) Condicións materiais e arquitectónicas.

Estes recursos contarán con espazos privados e zonas de uso común.

a) Os espazos privados deberá dispoñer a lo menos das seguintes estancias:

- Habitación individual ou dobre cunha superficie mínima útil, sen computar o cuarto de baño, de 12 m2 no caso de habitación individual e 14 m2 no caso de habitación dobre.

- Baño.

- Trasteiro, dentro ou fora do apartamento.

- Salón.

- Cociña, podendo estar integrada no salón.

b) As zonas de uso común deberán contar como mínimo coas seguintes instalacións:

- Unha zona de recepción á entrada.

- Unha área de comedor ou comedores para realizar comidas en común con capacidade para a totalidade das persoas residentes. Disporá a lo menos dunha superficie mínima

de 2 m2 por residente.

- Baños ou aseos: mínimo dous, e equipados como mínimo con lavabo e inodoro. Polo menos un deles debe ser accesible.

- Unha ou máis salas polivalentes para a convivencia e realización de actividades. Disporán en total, a lo menos dunha superficie mínima de 2 m2 por residente.

- Unha sala ou espazo para a atención sociosanitaria.

- Habitacións para a atención de persoas usuarias que polo seu grao de dependencia requiran atención ou coidados persoais, cunha capacidade mínima dun 5 % das prazas, que deberán ser reservadas para o posible coidado diúrno ou nocturno destas persoas. Estas habitacións deberán de cumprir as mesmas esixencias que as habitacións das residencias de maiores recollidas na letra A) do número 1.

Así mesmo, as zonas de uso común deberán contar con:

- Zona axardinada ou zona exterior agás a existencia de espazos públicos adxacentes ao centro con estas características ou cando pola súa ubicación sexa imposible dispoñer destas zonas.

- Unha zona para o aparcadoiro de vehículos.

B) Requisitos funcionais e de persoal.

a) O centro deberá contar cun plan de organización, planificación dos servizos de mantemento e actividades comúns,  co seguinte contido mínimo:

- O modelo de organización dos espazos de uso común como os destinados ao comedor, o servizo de limpeza de zonas comúns ou similares.

- Actividades que se realicen relativas á promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, tanto no interior do centro como no súa relación coa contorna.

- Plan de atención ás persoas residentes que pola súa situación de dependencia  requiran coidados persoais. Esta atención poderá prestarse a través dos seguintes sistemas:

1) Mediante as prestacións ou servizos que lle correspondan ás persoas dependentes das recollidas no sistema para a promoción da autonomía persoal e a atención á dependencia.

2) A través de profesionais vinculados ao centro para atender ás necesidades das persoas con dependencia.

As persoas con dependencia contarán cun Plan de Atención Individual no que se recolle-

rán os coidados, as atencións e as intensidades que se lle prestan.

Non obstante, no caso de que o número de persoas con dependencia recoñecida no grao II ou III  sexa igual ou superior ao 25 % do número total de residentes, a modalidade de atención deberá ser a recollida no número 2.

b) O recurso deberá contar cunha persoa responsable que deberá contar con titulación universitaria e formación complementaria en dependencia, discapacidade, xeriatría, xerontoloxía, dirección de centros residenciais ou outras areas de coñecemento relacionadas co ámbito de atención á dependencia.

Esta persoa pode ser unha persoa usuaria do recurso ou ben unha persoa externa ao mesmo.

No caso de que o número de persoas con dependencia recoñecida, grao II ou III, sexa igual ou superior ao 25 % do número total de residentes, requirirase para atender a estes usuarios a mesma ratio de persoal de atención directa que a esixida para as residencias de maiores, segundo o disposto na letra B) do número 1.”

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días seguintes ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, XX de XX de 2022

A conselleira de Política Social

Fabiola García Martínez